



BASES CONCURSO CURTAMETRAXES 2018

- 1) Poderán participar autores e autoras de calquera nacionalidade maiores de 18 anos. Establécense **dúas categorías**, unha para autores galegos exclusivamente e outra para autores de calquera nacionalidade.
- 2) As curtametraxes presentadas poderán ser de calquera xénero pero a temática debe ser musical.
- 3) As obras presentadas terían sido realizadas con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2014.
- 4) Cada autor/a pode presentar unha única obra.
- 5) As curtametraxes serán presentadas en galego ou castelán.
- 6) Tamén poderán presentarse en calquer outro idioma pero terán que levar subtítulos en castelán ou galego.
- 7) A duración das obras terá que ser de 3 minutos como mínimo e de 30 como máximo, incluídos os créditos.
- 8) As curtametraxes poderán estar rodadas en calquera formato pero presentarse a copia en DVD ou a través de plataformas dixitais.
- 9) As obras presentadas deberán acompañarse da ficha de inscrición debidamente cumprimentada, ademais de:
 - fotocopia DNI ou pasaporte

-breve sinopse, ficha técnica e artística, dúas fotos da curtametraxe e cartel (se o houbera)

10) A obra enviada será obxecto dunha preselección polo comité do festival para decidir se finalmente é elixida para competir polo premio do público. O material non será devolto; sen embargo, poderase recoller a obra persoalmente nun prazo de 90 días despois da finalización do festival se non resulta gañadora.

11) As obras presentadas serán entregadas por correo certificado á dirección postal:

Asociación Xermolos

Rúa do Concello 9 baixo

CP 27300 Guitiriz

Lugo (Galicia)

por correo electrónico:

cinemusicaroca@gmail.com

ou mediante links ás plataformas

www.clickforfestivals.com

www.festhome.com

O prazo de presentación remata o día 15 de maio de 2018 .

12) As obras seleccionadas en anteriores edicións non poderán participar nas seguintes edicións.

13) A dirección do festival resérvase o dereito de obter copias das curtametraxes seleccionadas con destino á promoción, publicidade e proxección sen ánimo de lucro.

14) Os/As participantes faranse responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como das reclamacións por dereitos de imaxe.

15) Unha copia da obra premiada quedará como propiedade da videoteca creada polo festival podendo ser utilizada ou exhibida en edicións posteriores e nos medios oportunos, todo isto sen ánimo de lucro ou explotación comercial.

16) As obras seleccionadas optarán ó Premio do Público do V Festival de Cine de Roca, que terá lugar os días 27 e 28 de xullo, e que consistirá nun premio en metálico de **100 euros para cada categoría e un trofeo exclusivo do festival realizado por un artista local para cada unha das categorías.**

17) O autor premiado deberá recoller persoalmente o premio ou delegar nun membro do equipo. De non asistir enviarase o trofeo e a contía mediante transferencia bancaria.

18) A participación no Festival de Cine de Música en Roca supón a aceptación das bases e a resolución por parte da organización de calquera circunstancia non recollida nestas.

19) As obras seleccionadas daranse a coñecer na páxina web con anterioridade á realización do festival.

20) As bases e a ficha de inscrición poderán consultarse e descargarse en:

Facebook: Cine de Música en Roca

Web: <http://cinemusicaroca.wix.com/cinederocha>

22) Máis información a través de

Webs:

<http://cinemusicaroca.wix.com/cinederocha>

www.clickforfestivals.com

Correo electrónico: cinemusicaroca@gmail.com

Facebook: Cine de Música en Roca

